

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTAIS E AGRÍCOLAS E A LIMPEZA DAS FINCAS LINDEIRAS.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da **Ordenanza Municipal reguladora da protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais e agrícolas e a limpeza de fincas lindeiras**, iníciase un proceso de consulta pública previa coa finalidade de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración normativa e recoller opinións de persoas e organizacións potencialmente afectadas pola futura ordenanza municipal.

O obxectivo principal desta consulta pública é coñecer as opinións sobre diversos aspectos relacionados coa necesidade e impacto da futura normativa, especialmente aqueles vinculados aos problemas detectados, a oportunidade de implementar esta nova regulación, os obxectivos que se buscan alcanzar e as posibles alternativas dispoñibles.

Os/as **cidadáns/ás, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de 10 días**, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

Preténdese abordar os problemas relacionados co deterioro das vías e camiños municipais que se producen debido a actividades forestais e agrícolas. Estas actividades, como a corta e saca de madeira ou o uso de maquinaria agrícola pesada, poden danar o firme dos camiños, obstruír cunetas e outros elementos da infraestrutura, ou xerar residuos que obstaculicen o paso ou supoñan un perigo para os usuarios.

Ademais, detectouse que a falta de limpeza e mantemento das fincas lindeiras aos camiños públicos pode agravar estas situacións, incrementando os riscos de incendios forestais, dificultando a visibilidade e o tránsito, ou causando problemas de salubridade.

2. Necesidade e oportunidade da aprobación da Ordenanza.

A necesidade de aprobar esta ordenanza xorde da falta dun marco normativo local claro que regule as obrigas dos titulares de fincas e operadores destas actividades, garantindo unha conservación axeitada das infraestruturas municipais.



Esta normativa busca dotar ao Concello de ferramentas efectivas para previr os danos nos camiños, xestionar as responsabilidades dos usuarios das vías e promover un uso sostible e responsable do espazo público.

3. Obxectivos da norma.

Os obxectivos da futura ordenanza céntranse en establecer medidas que aseguren a conservación dos camiños municipais en condicións óptimas para o seu uso, tanto por vehículos como por peóns, incluíndo a introdución de obrigas para a reparación dos danos ocasionados, a retirada de residuos xerados polas actividades forestais e agrícolas, e a limpeza regular das parcelas lindeiras.

Ademais, búscase protexer os bens e persoas fronte a riscos potenciais como incendios ou accidentes de tráfico derivados dunha mala conservación das vías públicas.

4. Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Cabe desbotar a posibilidade de continuar sen normativa municipal reguladora nesta materia por canto quedarían sin adecuada resposta á problemática e casuística actualmente plantexada. Non obstante, poderían impulsarse medidas non regulatorias baseadas en campañas de concienciación cidadá, acordos voluntarios ou mecanismos de colaboración con entidades do sector forestal e agrícola.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

